**Documentos imprimibles**

## Unidade 4: O Renacemento

### Índice de contidos:

1. Introdución
2. O Humanismo
3. Etapas do Renacemento
4. A literatura renacentista
    4.1. A lírica
    4.2. A épica
    4.3. A prosa de ficción
    4.4. A prosa didáctica
    4.5. O xénero dramático. A *Comedia dell'Arte* e o teatro isabelino
5. Selección de textos [material de obrigada lectura]

## 1. Introdución

O Renacemento é unha nova época vinculada á orixe do Estado Moderno e aos inicios da economía capitalista. Fronte ao sistema feudal anterior, baseado nunha concepción teocéntrica, en que a referencia relixiosa era determinante, a época renacentista vai caracterizarse por una visión do mundo centrada no propio individuo. O expansionismo europeo, derivado das necesidades do novo modo de produción e da propia dinámica política, co deseño de estratexias colonizadoras e anexionistas, sobre todo no caso do imperialismo español, caracterizará o novo tempo. A renovación do pensamento, a través do humanismo e o labor dos científicos, son os aspectos fundamentais que configuran unha paisaxe histórica novidosa.

## 2. O Humanismo

O cambio cultural, orixinado en Italia e que se estendeu polos centros decisivos de toda Europa durante os séculos XVI e XVII, vaise definir a través do Humanismo. O Humanismo é non só unha forma de pensar, senón tamén de vivir. Para autores como Lorenzo Valla, Marsilio Ficino, Pico della Mirándola e tantos outros, o ser humano é conscientemente o centro da reflexión. As repercusións no eido cultural desta nova mentalidade son evidentes. A arte, a literatura e a música debían reflectir todas as inquedanzas e preocupacións das persoas, non unicamente a temática relixiosa. Mesmo no ideal educativo se recollen estas novas visións:

> «Que saiba non só a lingua latina, senón tamén a grega (…), que estea versado nos poetas e paralelamente nos oradores e historiadores, e ademais, destro en escribir en prosa e en verso, principalmente na nosa lingua vulgar (…) Non estarei satisfeito do noso cabaleiro se non é músico e se, ademais da capacidade e hábito de ler a súa partitura no libro, non sabe tocar diversos instrumentos (…) Hai ademais unha cousa que estimo de grande importancia e o noso cabaleiro non a debe abandonar: o talento de debuxar e o coñecemento da pintura (…) Quero que o noso cabaleiro sexa un perfecto cabaleiro en todos os aspectos».
>
> (Baltasar de Castiglione. *O Cortesán*).

A tendencia predominante é a de manifestar unha visión optimista da vida e do mundo. Recuperando os valores da antigüidade clásica, preténdese que deste xeito *renazan* uns esquemas e concepcións dunha época admirada, como era a do mundo grecolatino, como constituínte fundamental dunha nova forma de pensar. Así explícase a ordenación lóxica dos discursos, o canon da arte grega, o cultivo das linguas clásicas, a harmonía e o equilibrio da Atenas do século –V ou da Roma de Augusto. O concepto director da vida e da arte é a proporción racional e á medida do ser humano.

Como compendio estético da ideoloxía humanista, resulta moi ilustrativo o cadro *Scuola di Atene* (A escola de Atenas), unha das máis famosas pinturas do artista renacentista italiano Rafael. Pintado entre 1509 e 1510, a obra é un fresco que representa a Academia de Platón. No centro, Platón e Aristóteles aparecen rodeados dos maiores estudosos antigos, como se estivesen discutindo e desenvolvendo as distintas formas de pensar. Segundo o estudoso Fowler, o título inicial era *Causarum Cognitio*, e despois do século XVII pasou a coñecerse como *A escola de Atenas*.

O Humanismo, como movemento cultural, acadou o seu máximo esplendor nos séculos XV e XVI, os séculos artísticos do *Quattrocento* e *Cinquecento*, respectivamente. Os seus postulados básicos que acentuaban a dimensión libre e racional da persoa, chocaban contra os esquemas do teocentrismo medieval. Agora o antropocentrismo é a palabra clave. Ademais, como época da *Nova Ciencia*, déixase o xeocentrismo feudal e fundaméntase o heliocentrismo moderno. Cientificamente, Copérnico, Kepler e Galileo veñen a substituír coa súa luz e o seu saber as tebras medievais. Neles o método indutivo marca metodoloxicamente a época.

Mais como a dinámica histórica se caracteriza pola dialéctica, danse resistencias e conflitos. Sobre todo, no século XVI, a contraposición de concepcións faise visíbel coa Reforma e a Contrarreforma, a Inquisición e as voces do Humanismo e a Ciencia (lembremos Erasmo ou Miguel Servet, por exemplo). A busca da verdade a través da reflexión e a investigación atopa resistencias, cando non furibundos ataques e persecucións por parte do poder relixioso, case sempre vinculado ao poder político. Un poder político que, como resultado da creación do Estado Moderno, foi anexionando e centralizando diversos territorios. É o que aconteceu, por exemplo, cos Reis Católicos con relación a Galicia. O proceso centralizador explica a substitución e desgaleguización das clases dirixentes galegas e o repregamento do propio idioma galego á oralidade, coa conseguinte eliminación como lingua de *cultura* e, polo tanto, a imposibilidade de creación intelectual nas nosas letras. A etapa de silencio, coincidente coa intromisión do poder e cultura casteláns en Galicia (o idioma castelán como “compañeiro do imperio”, parafraseando a Nebrija), está ben indicada coa significativa expresión de *Séculos Escuros*.

## 3. Etapas do Renacemento

Simplificando, podemos establecer tres grandes etapas:

- A primeira, correspondente ao propio século XV, que podemos denominar *Pre-renacemento*, ten como centro a Florencia dos Médicis. O impacto de Dante, Petrarca e Boccaccio é enorme. Grandes figuras percorren todas as artes. En arquitectura destacan Brunelleschi e Alberti; na escultura Ghiberti e Donatello. A brillante escola florentina de pintura destaca cos nomes e as obras de Fra Angelico, Masaccio, Botticelli. Tamén florecen a escola de Umbría con pintores como Perugino e Signorelli, a de Padua con Mantegna, e a de Venecia con Bellini e Carpaccio.
- A segunda, denominada *Renacemento Pleno*, ocupa a primeira metade do século XVI e ten como centro Roma. É o momento dos Papas Xulio II e León X. É o tempo de Leonardo da Vinci, Rafael e Miguel Anxo. En 1513 escribe Maquiavelo *O príncipe*, e tres anos despois sae *Utopía* de Tomás Moro. É tamén a época da reforma protestante de Lutero. No terreo musical, destaca Palestrina.
- Finalmente, sinalamos a etapa do *Manierismo*, coincidente coa segunda metade do XVI, con epicentro en Venecia. Destaca a pintura colorista de Tiziano, Veronés e Tintoretto. Musicalmente, é o tempo dos madrigais, cunha figura tan importante como Orlando di Lasso, da escola flamenca.

## 4. A literatura renacentista

A través da literatura, as ideas humanistas do Renacemento vanse canalizar dun xeito moi efectivo. Todos os xéneros literarios van reflectir as novas concepcións. A súa divulgación vese mellorada co impacto da imprenta de Guttenberg.

### 4.1. A lírica

En Italia, faise moi evidente a influencia de Petrarca e do ideario humanista. Entre os poetas que destacan, figuran Pietro Bembo (1470-1547), coas súas *Rimas,* nas cales recolle unha concepción neoplatónica do amor, e Angelo Poliziano, protexido de Lorenzo de Médicis, con obras como *Estancias* ou *Orfeo.*

En Francia a actividade poética ten como referencia central, tralo preludio lírico representado por Maurice Scève, o grupo de poetas que integran a *Pleiàde*, inspirado na poesía antiga e italiana, sobre todo con influencias do petrarquismo. Destacan dous autores: Ronsard, con gran inspiración na lírica grecolatina, considerado na época "principe dos poetas", e Joachim du Bellay, que introduce o soneto.

En Portugal destacan con voz propia tres poetas: Gil Vicente, Francisco Sá de Miranda, o introdutor da égloga e a elexía de feitura renacentista italiana, e António Ferreira.

En España, as voces líricas máis importantes son Garcilaso de la Vega, Fernando de Herrera e a poesía relixiosa de Frei Luís de León. A mística ten como grandes autores Santa Teresa de Jesús e San Juan de la Cruz e a ascética, Frei Luis de Granada.

En Inglaterra, cunhas mostras máis tardías ca no resto de Europa, xa na segunda metade do século XVI, destacan Edmundo Spencer e Philip Sidney, introdutor dos metros italianos, en concreto, do soneto.

En Alemaña, a reforma protestante vai condicionar a temática relixiosa. Aquí destacarán os *Meistersinger (*'mestres cantores'). Un poeta moi significativo é Hans Sachs, xa do XVI.

### 4.2. A épica

A épica no período renacentista é, principalmente, un xénero de elaboración culta e, polo tanto, non é anónima xa que ten autor concreto. A métrica máis habitual é a oitava real (oito versos hendecasílabos con rima consoante). A pesar diso, a épica medieval e a propia *Eneida* de Virxilio son base ou motivo de inspiración. Desde o punto de vista temático, pódese establecer a seguinte clasificación:

- de influencia clásica, en concreto da *Eneida* virxiliana, temos a incompleta *Franzíada* de Ronsard (o protagonista é Francus);
- a época contemporánea está na base de *Os Lusíadas,* do portugués Luís de Camõens (1524-1580), sobre as expedicións a África e á India, ou tamén de *A Araucana*, de Alonso de Ercilla, relacionada coa *conquista* española sobre os indios de Chile;
- un terceiro grupo vén dado polas xestas cabaleirescas medievais, ambientadas en espazos afastados ou contextos relixiosos. Neste último grupo destacan pezas como *Orlando furioso* de Ariosto ou a *Xerusalén liberada* de Tasso, centrada esta na primeira cruzada liberada por Godofredo de Bouillon.

### 4.3. Prosa de ficción

A prosa de ficción, xénero nacido cos relatos helenísticos, vai ter unha diversa e numerosa produción ao longo dos tempos: as novelas cabaleirescas, herdeiras dos libros de cabalerías medievais; as novelas sentimentais ou amorosas, coa peza referencial de Boccaccio *Fiametta*; as novelas pastorís, que nos remiten como antecedente a Longo; as novelas de viaxes e aventuras (denominadas bizantinas); as realistas, que constitúen a picaresca española representada iniciaticamente polo Lazarillo, debuxan un panorama moi fértil da prosa de ficción. Dentro desta vasta representación, podemos aludir a tres autores importantes:

Xacobo Sannazaro (1456-1530), autor da *Arcadia*, exemplo de novela pastoril que vai exercer influencia nos *7 libros de diana*, de Jorge de Montemayor.

François Rabelais (1494-1553), autor de *Gargantúa e Pantagruel*, novela burlesca e paródica, pertencente ao ámbito fantástico. Trata das aventuras de dous xigantes, pai e fillo, cuxos nomes dan título á obra, e das peripecias deste último co seu amigo e servidor Panurgo na procura do oráculo da divina Botella.

Miguel de Cervantes (1547-1616), o grande escritor español, autor de poesías e obra dramática, fundamentalmente novelista, con composicións como A *Galatea, Novelas Exemplares, O Quixote,* ou *Os traballos de Persiles e Sixismunda.*

### 4.4. A prosa didáctica

Neste xénero figuran os grandes humanistas. O pensamento renacentista atopa nestes autores a expresión máis lograda e explícita dos novos tempos, en todos os campos do saber (filosofía, política, arte, relixión…).

Maquiavelo (1469-1527) é o creador moderno da ciencia política. A súa obra máis recoñecida, *O príncipe*, ofrece unha visión moi práctica e realista da política,

entendida como arte de persuadir. Nela faise unha análise da esencia do poder político, concibíndoo como autónomo doutros elementos como os morais. É dicir, pon de manifesto a independencia das categorías de utilidade e pragmatismo con respecto ás éticas e/ou confesionais. O seu tema fundamental versa sobre que é o principado, como se consegue, como se mantén, por que se perde. Mais, fundamentalmente, faise análise das posibilidades dun principado *novo*, expoñendo o tema a Lorenzo de Médicis, a quen dedica a obra. Para Maquiavelo, o Estado é a razón suprema da acción política (*razóns de Estado*), e este debe ser o único punto de partida que debe ter en conta o príncipe á hora de gobernar. Desde este criterio, un fin que se pretende no campo político xustifica todos os medios que se empreguen, condicionados polo contexto, para o logro do obxectivo proposto. A influencia desta obra foi moi grande

O inglés Tomás Moro (1478-1535) é o autor dunha obra tamén de considerable repercusión: a *Utopía*, que parte dunha crítica á sociedade do seu tempo, caracterizada pola inxustiza social, a ambición de poder e o carácter militar e guerreiro dos estados modernos. Constrúe unha sociedade ideal, xusta e igualitaria, con educación para todos os seus membros, tolerancia relixiosa e estable. A illa da sociedade é Utopía (o seu nome significa 'ningún lugar'). Esta concepción, que partía dun optimismo no ser humano, fronte ao pesimismo de fondo que subxace en Erasmo, foi tida moi en conta posteriormente, por exemplo por Campanella, á hora de compor *A cidade do sol*, o seu tratado de teoría política. Esta orientación fantástica ou imaxinaria nas teorías da sociedade serviron de referencia, por exemplo, a G. Orwell (na súa obra *1984)* ou a A. Huxley (*Un mundo feliz).*

Erasmo de Rotterdam (1469-1536), sobre todo coas súas críticas ás estruturas da Igrexa, foi un dos autores máis notorios, caracterizado polo reformismo político e relixioso. Da súa obra, perseguida pola Inquisición, destaca *Eloxio da loucura (Moriae Encomium,* correspondencia grega do título latino *Stultitiae Laus,* na que se atopa a referencia a T. Moro, a quen se lle dedica a obra e con quen compartía a idea substancial da confianza na natureza e no ser humano), aparecida en París en 1511, e con constantes revisións por parte do autor nas seguintes e numerosas edicións realizadas.

Erasmo de Rotterdam retratado por Hans Holbein

> «O exordio de *Moriae Encomium* define o carácter do libro e ao mesmo tempo é unha carta e unha apoloxía, na que, adiantándose ás previsibles reaccións negativas, Erasmo encoméndase a More. A partir de aí, a Loucura ou a Necidade pronuncia un discurso en primeira persoa perante un auditorio de eruditos e declara falar sen regras e sen límites, porque afecta a todos sen exclusión, é responsable de todos os erros humanos, e axuda ao home a vivir porque lle dá alegría e espontaneidade. A complexidade que deriva disto empeza coa elección da Loucura coma protagonista baixo tres personalidades diferentes ao longo do texto, benfeitora unha, satírica outra, e mística no último capítulo, engadido este nas postreiras revisións e que constitúe a referencia última da obra, polo menos, dende o século XVIII. A loucura, nova e alegre, é seguida por unha procesión coma as que ían detrás de Baco no mundo clásico.
>
> (…)
>
> O contido de *Moriae Encomium* é menos orixinal do que se adoita dicir. A Loucura ou Necidade bota un discurso sobre as fraquezas humanas facendo fincapé nas

debilidades de cada grupo sometido a crítica. Indo máis aló, expón os defectos da relixión popular e a incapacidade de distinguir entre as lendas sen fundamento e a proba sólida do Novo Testamento; ataca os teólogos escolásticos botándolles en cara que nin San Paulo fora un escolástico nin os outros apóstolos teólogos; ao papa, facendo notar que a pobreza e pouca preparación intelectual de San Pedro mal encaixarían co seu sucesor en Roma, e aos bispos "guerreiros", polo impropio da súa actividade. Monxes e frades son obxecto de ira coma en moitos escritos de Erasmo porque, sucios e groseiros, pretendían representar os apóstolos, e aos mendicantes en especial por aproveitarse dos segredos de confesión. Príncipes e cortesáns reciben as invectivas da Loucura, aínda que con menos rudeza: ben sabía Erasmo o que lles debía. Chegando ao final do texto, a partir da influencia de Oríxenes, a éxtase da Cruz a modo de denuncia global, que non deixa fóra a ninguén. A crítica social ten o seu momento máis corrosivo no que afecta ao papa e ao clero, onde xoga co significado simbólico da roupaxe litúrxica –no fondo, amosa a nostalxia do cristianismo primitivo–, e na burla dos cristiáns aferrados ao material e mundano; pero Erasmo non queda fóra, xa que se burla de si coma o tolo que non se pode contentar coa aparencia, tan insensato coma os cristiáns que buscan a pureza espiritual e a fuxida do mundo. A crítica do *Eloxio da Loucura* é filosófica e xeral (…)».

(O. Rey Castelao. "Prólogo". In M.E. Vázquez Buján (trad.). *Erasmo de Rotterdam. Eloxio da Loucura.* Clásicos do Pensamento Universal nº 6. Universidade de Santiago de Compostela-Fundación BBVA, 2004, p. 55 e ss.).

A difusión da obra de Erasmo e do erasmismo foi moi notoria. O impacto foi grande na súa propia época e en pensadores do momento, como Luís Vives, ou mesmo representantes da mesma igrexa como o arcebispo Alonso de Fonseca. Esta gran repercusión tamén creou o *antierasmismo*.

Tivo moitísima influencia mesmo no xurdimento de determinadas obras literarias, pois o seu pensamento serviu de *humus* para que saísen á luz certos posicionamentos de reforma social, novidosos e críticos.

Baltasar de Castiglione (1478-1529), autor de *O cortesán*, en que exemplifica ou define o home renacentista ideal (o que combina armas con letras).

Michel de Montaigne (1533-1592) compuxo uns famosos e orixinais *Ensaios*, cos que nace este xénero moderno, onde sabe crear a partir dunha gran formación clásica unha visión do mundo propia, cun elemento definidor como é a oposición aos dogmatismos.

### 4.5. O xénero dramático. A *Comedia dell´ Arte* e o teatro isabelino

O teatro renacentista ten como manifestacións fundamentais a comedia italiana e o teatro da época da raíña Isabel I. Ambas as modalidades, ben diferentes entre si en canto a tratamento da materia dramática e en canto aos elementos da representación, teñen como base importante os autores clásicos, fundamentalmente Aristófanes e Plauto, ademais das pegadas das tradicións literarias propias.

En Italia, á parte dalgún autor como Trissino, quen compuxo a traxedia *Sofonisba*, de estética humanista, destaca coa manifestación do teatro popular da *Commedia dell´Arte*, na segunda metade do século XVI. Baseado en enredos, xestos, grazas, exabruptos, etc., era interpretado por actores profesionais que, normalmente, tamén eran músicos e bailaríns. Estes adoitaban especializarse nun determinado personaxe, representado ou identificado en xeral, agás os amantes, por determinada vestimenta e pola máscara. Entre eles figuran Arlequín, Polichinela, Colombina, Pantalón.

Arlequín, 1671

Colombina, 1683

Pantalón, 1550

Coa *Comedia dell'Arte*, que continuaría noutros países e tamén durante o barroco, iniciase unha longa tradición de teatro cómico moi relevante (pensemos en autores actuais como Darío Fo).

Polo que respecta ao mundo inglés, é sen dúbida o momento dourado da súa literatura, coincidente coa etapa final do reinado de Isabel I (1558-1603). Hai un importante número de autores e obras, e ademais o fomento da actividade teatral por parte de sectores da nobreza. Agora xurdirán os primeiros locais urbanos fixos, en edificios circulares ou hexagonais, co patio a ceo aberto e rodeado de galerías (por exemplo o teatro O Globo, levantado pola compañía de Shakespeare) e o xénero, que acadou grande atractivo e popularidade, convértese nun verdadeiro espectáculo social.

Entre os autores anteriores a Shakespeare, que era a máxima figura, destacaron Robert Greene, Thomas Kyd, Christopher Marlowe (sen dúbida, un dos mellores autores por *A tráxica historia do doutro Fausto*, baseada na lenda xermánica de Fausto, que vende a súa alma ao diabo, e que tanto influirá en Goethe) ou Ben Jonson (de quen destaca a súa comedia *Volpone,* un ricachón veneciano sen descendencia que, finxíndose moribundo, vai burlarse de todos os que aspiran ao seu patrimonio*).*

Á parte, tamén destacan algunhas traxedias de John Webster ou Thomas Middleton, e algunhas comedias burlescas escritas en común por Francis Beaumont e John Fletcher.

## 5. Selección de textos [material de obrigada lectura]

**(1)**

«Ese individualismo vai do relixioso ao científico, ao económico e xurídico, ata as manifestacións máis banais da vida social. O eu tende a colocarse no centro de todo sistema, presaxiando unha especie de revolución copernicana que quedará consumada na filosofía de Descartes. Pero dende o século XVI tende a situarse como punto de partida, como instancia de comprobación, como centro de imputación de todo sistema de relacións, con Deus, co mundo, cos demais homes. Así a experiencia persoal convértese na suprema autoridade ou, polo menos, na máis eficaz e maximamente convincente que ese eu individualista pode recoñecer»

(J.A. Maravall, "A época do Renacemento". In F. Rico. *Historia y Crítica de la Literatura Española*, T. 2: F. López Estrada. "*Siglos de Oro: Renacimiento*". Ed. Crítica, Barcelona, 1980, p. 51)

**(2)**

«Ao iniciarse o século XVI xa se atopa ben delimitada nos seus trazos fundamentais a silueta do periodo das tebras, da idade do medio. Ao difundirse fóra de Italia a nova cultura, coa crise e a polémica derivadas da Reforma, co avance turco cara aos confíns do Imperio (outra

entidade que "conclúe" definitivamente), coas novas conquistas técnicas (por exemplo, a imprenta), cos descubrimentos xeográficos ("século novo" e "novos mundos"), coa revolución copernicana (os "novos" ceos), cambia tamén de tonalidade a visión dos novos tempos e a súa concreta relación co pasado.»

(E. Garin, "Das 'Tebras´ á 'Luz´: A conciencia dunha revolución intelectual" en F. Rico, *op.cit*., pp. 33-34)

**(3)**

«Vivamos, Gordes, vivamos, vivamos e polo murmurar
dos vellos non deixemos de ter leda cara:
vivamos, pois a vida é tan breve e cara,
que mesmo os reis non fan máis que a usufrutuar.
O día extínguese co solpor e á mañá reloce,
E as estacións recobran o seu curso acostumado;
Mais cando o home ten esta doce luz deixado,
faille durmir unha eterna noite a morte.

Entón imitaremos o vivir dunha besta?
Non, cara ao ceo erguendo sempre a testa,
Probaremos ás veces a dozura do pracer.

Que certamente está tolo quen cambiando a seguranza
Dun ben que está presente por dubidosa esperanza,
Sempre se afana en oporse ao seu propio devecer.»

(Joachim du Bellay. *Les Regrets*. Soneto 53).

**(4)**

«Máis valería, se cadra, non falar dos teólogos, e non remover *esta Camarina* nin tocar esta planta cheirenta, por seren unha clase de homes incribelmente severos e irritables; non vaia ser que me ataquen en tropel con seiscentas conclusións e me forcen a cantar a palinodia e, se me nego, vaian pregoando a berros que son unha herética. Pois ese é o raio co que acostuman a meter inmediatamente medo cando lle son pouco propicios a alguén. Aínda que, con certeza, non hai outros que recoñezan con menos agrado os beneficios que lles proporciono, non obstante, tamén eles están atados a min por vínculos nada desprezábeis; séntense felices co seu amor propio coma se vivisen eles mesmos no terceiro ceo, e así contemplan desde as alturas a todos os outros mortais coma a brutos que reptan polo chan e casemente sente compaixón deles; namentres, están protexidos por un exército tan grande de definicións maxistrais, de conclusións, de corolarios, de proposicións explícitas e implícitas, sóbranlles tantos subterfuxios, que non poderían verse collidos nin polas redes de Vulcano, porque escaparían delas con distincións, coas que cortan todos os nós tan facilmente que non o faría mellor o machado de dobre fío de Ténedos: a tal punto lles saen palabras inventadas hai pouco e voces misteriosas»

(Erasmo, *op.cit*. p.169)

«Á felicidade dos teólogos aproxímanse moi de preto os que de común se chaman "relixiosos" e "monxes", con dúas designacións enormemente falsas, porque unha grande parte deles está moi lonxe da relixión e porque ninguén se fai máis presente en todos os sitios. Non vexo que podería haber máis digno de compaixón ca eles, se non acudise eu no seu auxilio de moitas maneiras. En efecto, con ser esta clase de homes tan aborrecida por todo o mundo que existe a convicción de que un encontro con eles, mesmo fortuíto, é de mal agoiro, aínda con iso eles están moi satisfeitos de si mesmos. En primeiro lugar, teñen pola maior piedade acadar un coñecemento tan baixo das letras como para non seren capaces nin sequera de ler. Despois, cando ornean nos templos con voz de asno os seus salmos, citados por número, iso si, mais

non comprendidos, entón pensan que están acariñando as orellas dos santos con algo moi pracenteiro (…)¡É desa maneira como eses homes tan agradábeis, coa súa sucidade, coa súa ignorancia, coa súa vulgaridade e co seu descaro, lembran diante de nós, segundo eles din, a imaxe dos apóstolos!»

(Erasmo, *op.cit*. pp.176-7)

«E agora, os Sumos Pontífices, que fan as veces de Cristo. Se tentasen emular a vida del, ou sexa, a súa pobreza, os seus traballos, a súa ensinanza, a súa cruz, o seu desprezo da vida; se pensasen no seu nome de "Papa", isto é, de "pai", ou no seu apelativo de "Santísimo",¿Qué cousa habería máis aflixida no mundo? ¿Quen compraría un cargo coma este con todos os seus medios e, xa comprado, o defendería coa espada, co veleno e con calquera clase de violencia? ¿De cantos privilexios os privaría a sensatez, se algunha vez entrase neles? ¿Dixen a sensatez? Máis ben chegaríalles unha miga de sal do que fai mención Cristo. ¡Tanta opulencia, tantos honores, tanto poder, tantos trunfos, tantos cargos, tantas prebendas, tantos tributos, tantas indulxencias, tantos cabalos, machos, servidores, tantas comodidades! Xa vedes que gran feira, que gran colleita, que inmenso mar de bens acabo de abrazar en poucas palabras. No sitio de todas estas cousas, a sensatez poñería desvelos, xaxúns, choros, oracións, sermóns, estudos, suspiros e mil traballos máis, molestos coma eses»

(Erasmo, *op.cit*. pp. 189-190)